




VEÑA MILLO CORVO!

Bernardino Graña

Millo corvo” é un tipo de millo que se cultiva e que se usa en Meiro. En Meiro, no alto do Morrazo, con vistas panorámicas ás terras e mares de Beluso, Bueu, Pontevedra, a toda unha magnífica paisaxe. Ignoro en que outras partes de Galiza poderá nacer e producirse. O que sei é que hai uns anos fun convidado a Meiro a participar nunha festa e nunha exaltación do millo corvo, un millo de aparencia humilde, escuro, infrecuente, misterioso; quizais chamado millo corvo pola semellanza do seu aspecto co que ofrece a ave chamada corvo, un paxaro ben coñecido e corrente no noso país, e non precisamente con connotacións positivas e alegres senón todo o contrario. Maiormente cando queremos resaltar que algo non ten cor, que ten negrume, que está moi a rente da tristeza, podemos dicir que é negro coma o corvo. Pero precisamente vede aí a paradoxo e a orixinalidade. O millo corvo vai en nós unido ao riso, á alegría, á primavera, á festa, á beleza, ao bo sabor... Os de Meiro arman desde hai unha chea de anos unha festa no monte que é unha festa de rachar, unha xuntanza con música enxebre, con mozas, con danza, con degustación de produtos gustosos, coma empanadas e bicas. Bicas que son bicos, que son maneiras de atoparlle sabor á vida. Sempre que vou da Coruña á Lugo paro en Guitiriz e merco unha bica típica de Guitiriz de fariña de millo e, moitas veces, na Coruña ou en Vigo, entro por iso en certos supermercados que expenden o produto de Guitiriz, por regalarme coa bica que



algo me recorda a bica de Meiro. Coido que aquel ano en que eu a Meiro fun, o pregoeiro, o paxaro cantor, do millo corvo era o amigo Xosé Vázquez Pintor. Pero eu andaba pendente, colgado, do fermoso riso das fermosas damas que en Meiro nos rodeaban. ¡Sabor de Vida! Por que non hai un ou unha de Meiro que venda en Meiro e en toda Galiza o rico, o delicioso produto natural da súa terra? Por que os de Meiro son tan naturais, tan humildes, tan calados? Os seus saborosos produtos deberan pregoarse, resoar moito, moito máis. Deberan espallarse como a alegría polo mundo moito máis. Ao mundo arrevesado dos humanos falta lle fai. Veña millo corvo!

